

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2025

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións D. Rubén Vázquez Pérez (Resolución da Alcaldía núm. 1024/2025, de data 31 de outubro)

ASISTENTES:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Manuel Castro Uzal
D. Raúl Varela Fraguio

NON ASISTEN:

D^a Diana Piñeiro Fernández
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día once de novembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Rubén Vázquez Pérez (Resolución da Alcaldía núm. 1024/2025, de data 31 de outubro), e coa asistencia dos/a Sres./a concelleiros/a D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, don Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a Sra. alcaldesa D^a Diana Piñeiro Fernández e o Sr. concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2025 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria celebrada en data 4 de novembro de 2025 e extraordinaria do día 7 de novembro de 2025, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes a sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 4 de novembro de 2025 e extraordinaria do día 7 de novembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se deu conta de ningún asunto.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA NO EXPEDIENTE NÚM. 2020/C005/000001 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE TROFEOS PARA EVENTOS/COMPETICIÓN ORGANIZADAS E/OU PATROCINADAS POLO CONCELLO DE CAMBRE”

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 4 de novembro de 2025 (CVD: 9AfiBnJLATERXlqDrTDo), que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 28 de xullo de 2020, adoptou, entre outro, o acordo de adxudicar o contrato da “Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, a favor da empresa “Eurocebrían, S.L.”, nos prezos unitarios ofertados e que supoñen un importe total anual de 5.251,88 euros IVE incluído, (4.340,40 euros sen IVE) e un prazo de garantía de 3 anos. Expte: 2020/C005/000001.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía complementaria constituída mediante transferencia bancaria de data 14 de xullo de 2020 por importe de 434,04 € (número de rexistro 944).

Visto o escrito presentado por Don Hector Cebrian Montañana, segundo di, en representación da empresa “Eurocebrían, S.L.”, con data 05.06.2023 (número de rexistro de entrada 202399900003872), no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe favorable á devolución da garantía complementaria asinado o 04.10.2023 (CVD: H1+DPMRHhe9kQLVPzFQm) polo coordinador de actividades deportivas e culturais.

Visto o informe desfavorable á devolución da garantía complementaria de intervención municipal asinado o 13.11.2024 (CVD: ZIIUYk4a4QVYbwZkU0Dg) por canto que “(...) Tendo en conta que a cláusula 9 PCA (CVD: zbDc5r/+stpv6TjV8Mlt) fixa o prazo de execución do contrato en dous anos a contar dende a data de aceptación da adxudicación polo contratista (XGL 28.07.2020), que o contratista ofertou un prazo de garantía de 3 anos, que o citado prazo de garantía comenza a rexer dende a data de recepción ou conformidade do subministro e que a cláusula 2 PPT (CVD: Ljpc9fMYhtXeTa1/a7V2) establece a periodicidade dos subministros en función da data dos eventos a celebrar, emítese fiscalización desfavorable porque o informe asinado o 04.10.2023 (CVD: H1+DPMRHhe9kQLVPzFQm) polo coordinador de actividades deportivas e culturais non tivo en conta tales premisas para calcular o período de garantía coñecer se no cálculo do período de garantía foron tidas en conta tales premisas (...)”.

Visto o informe asinado coordinador de actividades deportivas e culturais, José Luis Martínez Názara, en data 13 de outubro de 2025, (CVD: EyZC3ey4Q1YIQsoa1T6z) no que entre outras cousas di:

“(...)

Tendo transcurrido o prazo de garantía aplicable á contratación de referencia, a teor do establecido no art. 112.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, o técnico informante fai constar:

1.- Que se realizou o servizo contratado con plena satisfacción e conforme aos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas.

2.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do adxudicatario e levarse a cabo a devolución constituída por importe de 434,04 euros.

(...)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTIA CONTRATO DE SUBMINISTRO DE TROFEOS PARA EVENTOS/COMPETICIONES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CAMBRE /2024** de carácter favorable emitido polo Interventor Municipal accidental, don Fernando Manuel Negreira Garrido de data 29 de outubro de 2025, (CVD: vt157EKcnxsJ7fb4VeBq), no que entre outras cousas di:

“(..)

IV) CONCLUSIONS

*Constatouse que se subsanaron as deficiencias que motivaron o informe desfavorable de intervención asinado o 13.11.2024 (CVD: ZIIUYk4a4QVYbwZkU0Dg), tal como resulta do novo informe do coordinador de actividades deportivas e culturais de data 13.10.2025 (CVD: EyZC3ey4Q1YIQsoa1T6z), e polo tanto infórmase **favorablemente** a devolución da garantía depositada por EUROCEBRIAN SOCIEDAD LIMITADA, con NIF B97199806, por importe de 434,04 € correspondente ao contrato do Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre, expediente tedec número 2020/C005/000001.*

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)”.

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía relacionada na parte expositiva deste acordo, constituída pola entidade “Eurocebrían, S.L.”, con CIF B97199806, por importe de 434,04 euros no expediente número 2020/C005/000001, para a “Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 4 de novembro de 2025 (CVD: 9AfiBnJLATERXlqDrTDo), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 31 de outubro ao 7 de novembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1022/2025 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo núm. 1058/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1022/2025	31-10-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 600 euros.
1023/2025	31-10-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 1200 euros.
1024/2025	31-10-2025	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcaldesa, don Rubén Vázquez Pérez, que as exercerá dende o día 3 ao 11 de novembro de 2025, ambos incluídos.
1025/2025	31-10-2025	Considerar desistida a MTMC, da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada en representación de ESI con data 30/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1026/2025	31-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, na rúa A Patiña, a LCM.
1027/2025	31-10-2025	Considerar desistido a ASS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 17/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1028/2025	31-10-2025	Conceder a REOS a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
1029/2025	31-10-2025	Declarar a caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes e, en consecuencia, a baixa neste das persoas que se relacionan dado que non presentaron a correspondente solicitude de renovación da inscrición padroal tal e como establece o artigo 16 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
1030/2025	31-10-2025	Considerar desistido a JMPA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 12/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.

1031/2025	31-10-2025	Acceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre presentada por MRM. Proceder ao arquivo do procedemento e á súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal pola modalidade de Libre Concorrenca.
1032/2025	31-10-2025	Incoar expediente, con núm. 2025/H003/000185, para dar de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre as persoas que se relacionan, por non residir no domicilio no que figuran empadroadas; isto de acordo co establecido no artigo 72 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
1033/2025	31-10-2025	Proceder á inscrición do can identificado como CONNOR de raza Rotweiler, sexo macho, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
1034/2025	31-10-2025	Asignar o número 7- A á vivenda unifamiliar situada no lugar de Drozo, Anceis, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1035/2025	31-10-2025	Asignar o número 15-A á vivenda unifamiliar situada no lugar de Lema, Brexo, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1036/2025	31-10-2025	Denegar aos seguintes usuarios as solicitudes de bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais.
1037/2025	31-10-2025	Conceder a JCDF a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
1038/2025	31-10-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 4 de novembro de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1039/2025	31-10-2025	Aprobar a nómina correspondente ao mes de outubro, por importe total de 242.568,29 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de outubro de 2025, por importe de 944,68 euros.
1040/2025	31-10-2025	Acceder ao solicitado e remitirille a dona María Dolores Pan Lesta a acta da mesa de valoración das subvencións de concorrencia competitiva a entidades da anualidade 2022 que se celebrou o 9 de maio de 2024
1041/2025	04-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1042/2025	04-11-2025	*Erro. Non contén decreto

1043/2025	05-11-2025	<p>Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de 91.540,30 euros.</p> <p>Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 91.540,30 euros no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL".</p>
1044/2025	05-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1045/2025	05-11-2025	<p>Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao terceiro trimestre de 2025, no que constan 12.826 recibos por un importe de SETECENTOS TRINTA E NOVE MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS E CORENTA E SEIS EUROS (739.590,46 euros).</p> <p>Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.</p>
1046/2025	05-11-2025	<p>Levantar o reparo suspensivo formulado polo interventor accidental no seu informe de 24 outubro de 2025, a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base no informe enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, de data 4 de novembro de 2025.</p> <p>Dispoñer que continúe o procedemento para adxudicación do expediente de contratación da subministración por lotes de material de construción para a brigada de obras municipal do Concello de Cambre"(TEDEC 2025/C005/000002).</p>
1047/2025	05-11-2025	<p>Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 16 cotas cero dun total de 115 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de dez mil oitocentos noventa e catro euros con cincuenta e tres céntimos (10.894,53 euros).</p> <p>Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e da sede electrónica do Concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.</p>
1048/2025	06-11-2025	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o venres día 7 de novembro de 2025, ás 13.30 horas
1049/2025	06-11-2025	<p>Rectificar os erros detectados no punto primeiro da parte resolutiva e na parte dispositiva da resolución desta Alcaldía número 1043/2025, de data 05.11.2025, no seguinte senso:</p> <p>Onde di:</p> <p>"Primeiro: Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de</p>

		<p>91.540,30 euros.” Debe dicir: “Primeiro: Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xuño de 2025 por importe de 91.540,30 euros.” Onde di: “...na que se fai constar que vistas as retencións practicadas polos departamentos de Persoal e Tesourería deste concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025...” Debe dicir: “...na que se fai constar que vistas as retencións practicadas polos departamentos de Persoal e Tesourería deste concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de xuño de 2025...”</p>
1050/2025	06-11-2025	<p>Aprobar as despesas que se relacionan no seguinte cadro correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xullo de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 52.521,96 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xullo de 2025 por importe de 17.690,77 euros no concepto non orzamentario “20030 Cota traballador á Seguridade Social”. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos correspondentes ós seguros sociais do mes de xullo de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 4.146,31 euros na aplicacións orzamentaria 920 16000.</p>
1051/2025	06-11-2025	<p>Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de setembro de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.</p>
1052/2025	06-11-2025	<p>Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan nas datas que constan; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.</p>
1053/2025	06-11-2025	<p>Autorizar, con efectos de data 1 de novembro de 2025, a apertura da urna perimetral sinalada co número 136, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada por MFMC en data 1 de novembro de 2025, ao obxecto de inhumar os restos mortais de RJMC falecido o día 30 de outubro de 2025.</p>
1054/2025	07-11-2025	<p>Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JBM que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de</p>

		mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1055/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JFSG que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1056/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a LDPM que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1057/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a ESI que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1058/2025	07-11-2025	Conceder a ADCM a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo formalizado en data 9 de outubro de 2025 con "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L." para a execución da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre". Exped. TEDeC 2023/C003/000008

O Sr. Presidente intervén e manifesta a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar a tramitación do expediente.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/a Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión.

ÚNICA. - PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO CONTRATO ADMINISTRATIVO FORMALIZADO EN DATA 9 DE OUTUBRO DE 2025 CON "INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L." PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE "MELLORA DA PISTA DEPORTIVA MUNICIPAL DE O TEMPLE, CAMBRE". EXPED. TEDEC 2023/C003/000008

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 10 de novembro de 2025 (CVD: xlqgypSlz6d0jHzzlFq7), que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de outubro de 2025 (CVD: dpujT4JTmvKe0Y0XgeI5) scordouse válida a licitación para a contratación da obra "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre" (TEDEC 2023/C003/000008), admitindo nela aos licitadores "Creche Concept Invest, S.L", "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A" e "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" resultando adxudicataria a entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" no prezo ofertado de 57.378,20 euros (IVE incluído).

Visto que en data 9 de outubro de 2025, formalizouse en documento administrativo o contrato coa entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" (CVD: 8aYDIGIfjXbSXwwZakcM) publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público nesa mesma data.

Visto o informe de 20 de outubro (CVD: MkaY++LN5S8FC8z62qmd) emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino no que, nas súas conclusións sinala:

"4. CONCLUSIONES"

Á vista do exposto, desaconséllase a execución do proxecto nos termos actuais, xa que:

- A solución de aplicar aglomerado sobre formigón non garante unha execución adecuada nin duradeira, comprometendo a funcionalidade da pista.

- O estado do peche perimetral actual, impide realizar as actuacións definidas no proxecto e realizar unha posta en servizo segura da instalación, sendo imprescindible a súa reparación ou substitución.

- As modificacións necesarias supoñen alteracións relevantes do proxecto licitado, con incremento de custos e prazos, e sen garantía de eficacia da actuación.

De esta maneira, recoméndase a reformulación completa do proxecto, incorporando solucións constructivas específicas e adecuadas para a superficie deportiva, así como a substitución ou rehabilitación integral do peche perimetral."

Visto o informe de 28 de outubro de 2025 (CVD: KRaZfap/lhUdjoYD8x4H), emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino no que indica que "constitúen un anexo ao informe técnico elaborado relativo á obra/proxecto da "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple(Cambre)" e expón que: " Unha vez analizado o estado actual do peche perimetral e tendo en conta que o proxecto original non contempla a substitución de certos elementos que actualmente se atopan en mal estado, considérase imprescindible incorporar unha modificación ao proxecto de licitación co obxectivo de garantir un cerramento seguro e funcional", e valora a modificación en 36.465,08 euros IVE engadido.

Indica tamén que "Finalmente, destácase que esta modificación, ademais do incremento económico que supón, implicaría unha ampliación dos prazos de execución estimada en aproximadamente tres semanas adicionais, de acordo cos rendementos e o plan de obra proxectado inicialmente"

Visto que por Providencia do Concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réximen Interior e Desenvolvemento económico, de 31 de outubro de 2025 (CVD: JPQc14dtSxAv7MbPZJno) pola que, polos motivos contidos na mesma, dispúxose:

***"(...)Primeiro:* Iniciar o procedemento de resolución de mutuo acordo do contrato da obra da pista municipal do Temple-Cambre (TEDEC 2023/C003/000008) formalizado en data 9 de outubro de 2025 coa entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas. S.L".**

***Segundo:* Que, en cumprimento do artigo 191.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, dese audiencia ao contratista "Instalaciones Deportivas Gallegas. S.L", para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS manifeste o que considere oportuno acerca da resolución do contrato formalizado "mellora da pista deportiva municipal do Temple".**

***Terceiro:* Que unha vez formuladas as alegacións polo contratista ou trascurrido o prazo concedido para elo, se lle de traslado a secretaría xeral para que se emita informe preceptivo, en cumprimento do apartado 8, da disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.(...)"**

Visto o oficio do Alcalde en funcións de data 3 de outubro de 2025 (CVD: uXUqHE+o2Ps+mkvkNUuG) polo que se lle deu trámite de audiencia por dez días ao contratista para que manifestase o considerase oportuno sobre a resolución do contrato por mutuo acordo e visto o escrito presentado en data 4 de outubro de 2025 pola

representación legal da entidade mercantil “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L”, no que solicitou a resolución de mutuo acordo do contrato ao tempo que manifestou a su conformidade coa citada resolución proposta polo Concello mais o escrito presentado pola mesma en data 7 de novembro de 2025 (registro de entrada 202599900007078) polo que, entre outras cousas: *“manifiesta que dicha resolución se producirá renunciando ambas partes a la reclamación de cualquier tipo de indemnización derivada la misma”*

Visto o informe emitido pola técnico de xestión da administración xeral interina 10 de outubro 2025 (CVD: 4MtGCnCEkDnk76wx3Cc) no que infórmase favorablemente a resolución por mutuo acordo.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria xeral e polo interventor accidental asinado en datas 9 e 10 de outubro de 2025 respectivamente (CVD: zdALrV4aUeFgsohNsMF5) que transcrito di:
“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- *Considérase convinte iniciar a análise da posibilidade de resolver o contrato por mutuo acordo lembrando que os contratos se extinguen polo seu cumprimento ou por resolución , como establece o artigo 209 da Ley 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público (en adiante, LCSP); e que os artigos 211, 212 e 213 prevén, respectivamente, as causas xerais de resolución dos contratos administrativos, a súa aplicación e os efectos que se derivan, se ben a LCSP tamén contén previsións específicas en relación coas causas e os efectos da resolución de cada tipo de contrato. Asimesmo, interesa lembrar que o exercizo da prerrogativa de resolución contractual, polas consecuencias que comporta, constitúe unha opción que a Administración ten que exercer con obrigada medida.*

O artigo 212 da LCSP, relativo á aplicación das causas de resolución dos contratos administrativos, establece no seu apartado 4 que a causa relativa ao mutuo acordo entre a Administración e a contratista procede cando concorran os dous requisitos que tradicionalmente se consideraron inherentes a esta causa resolutoria, previndo que: “sólo podrá tener lugar cuando no concurra otra causa de resolución que sea imputable al contratista, y siempre que razones de interés público hagan innecesaria o inconveniente la permanencia del contrato”.

Así se configuran o presuposto definitorio desta causa de resolución, o consenso entre as dúas partes, e os dous requisitos que se esixen para que poida procederse á resolución do contrato por esta causa, os cales operan, polo tanto, como limitadores do principio de liberdade de pactos recollido no artigo 34.1 da LCSP.

Ademais, é unha cuestión doutrinalmente pacífica considerar esta causa resolutoria como excepcional, vista a esixencia dos requisitos aos cales se subordina o mutuo acordo entre as partes, a razón de ser dos cales radica no principio esencial dos contratos administrativos que é a consecución da satisfacción do interés público ou xeral e non a de intereses particulares das partes contratantes.

Por tanto, o presuposto necesario para a resolución dos contratos por mutuo acordo é a converxencia da vontade entre as partes contratantes, de xeito que o consentimento concorrente de ambas as dúas para decidir deixar sen efecto o contrato opera como condición sine que non para pasar a valorar, se procede, se concorren ou dous requisitos esixidos a fin de que proceda e a cal está subordinada esta causa de resolución- como se indicou, a non concorrencia doutra causa de resolución que sexa imputable ao contratista e que razóns de interés público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato (neste sentido, entre outros, os ditames do Consello de Estado dos expedientes 3928/1999, de 1 de xuño de 2000, 1198/2012, de 31 de xaneiro de 2013 e 178/2016, de 31 de marzo de 2016).

Ademais, hai que ter en conta que a concorrencia deste presuposto require levar a cabo un proceso negociador entre as partes contratantes que debe concluír co consenso para resolver o contrato, xa que outra cousa impediría afirmar que se está ante un suposto de resolución do contrato por mutuo acordo

Tamén é necesario o consenso respecto aos efectos da resolución, tendo en conta que o artigo 213 da LCSP prevé que no caso da resolución por mutuo acordo os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas. Non obstante, é posible que con posterioridade á resolución xurdan controversias en canto ao alcance dos efectos, motivo polo que se considera conveniente que no seo das mencionadas negociacións se concreten con maior detalle posible no expediente de resolución do contrato os efectos concretos deste resolución.

Segunda.- *2.1.- O primeiro requisito esixido para poder resolver un contrato por mutuo acordo é, como se indicou, a non concorrencia doutra causa de resolución imputable ao contratista.*

A finalidade subxacente que persegue este requisito é a de garantir o interés público que poderíase ver afectado no suposto de amparar, baixo esta causa resolutoria, outra na que o contratista incorrese por causa que lle fora a él imputable e que podería

comportar unhas consecuencias económicas máis prexudiciais para ela.

Para dar cumprimento a este requisito, é doutrina administrativa consolidada a de considerar que é necesaria unha motivación de feitos e fundamentos de dereito respecto da comprobación- ou xuízo negativo- da inexistencia ou non concorrencia de causa resolutoria imputable ao contratista.

Cabe indicar que para abordar con garantías este xuízo negativo sobre a non concorrencia de outras causas de resolución imputables ao contratista, resulta especialmente útil a opinión sobre la execución do contrato que poida expresar tanto a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato, como o propio responsable do contrato.

No suposto examinado, onde a execución da obra non comezou, é o propio director da obra, o enxeñeiro técnico de obra pública quen informa en data 20 de outubro de 2025 quen desaconsella a execución do proxecto, xa que :

“ - A solución de aplicar aglomerado sobre formigón non garante unha execución adecuada nin duradeira, comprometendo a funcionalidade da pista.

- O estado do peche perimetral actual, impide realizar as actuacións definidas no proxecto e realizar unha posta en servizo segura da instalación, sendo imprescindible a súa reparación ou substitución.

- As modificacións necesarias supoñen alteracións relevantes do proxecto licitado, con incremento de custos e prazos, e sen garantía de eficacia da actuación.

De esta maneira, recoméndase a reformulación completa do proxecto, incorporando solucións constructivas específicas e adecuadas para a superficie deportiva, así como a substitución ou rehabilitación integral do peche perimetral.”

O referido técnico municipal indica no informe de 28 de outubro que “considérase imprescindible incorporar unha modificación ao proxecto de licitación co obxectivo de garantir un cerramento seguro e funcional”, e valora a modificación en 36.465,08 euros IVE engadido.”

Esta modificación do proxecto que o técnico municipal considera imprescindible (por unha cuantía que excede do 50% do prezo do contrato) non tería cabida en ningún dos supostos de modificación regulados na LCSP, polo que ao non ser posible modificar o contrato procedería a súa resolución de acordo co disposto no artigo 203 da LCSP, precepto este que dipón no seu apartado 2 o seguinte: “.... En calquera dos supostos, si fuese necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta a la pactada, deberá procederse a su resolución y a la celebración de otro bajo las condiciones pertinentes, en su caso previa convocatoria y sustanciación de una nueva licitación pública de conformidad con lo establecido en esta Ley, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado 6 del artículo 213 respecto de la obligación del contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razones de seguridad, servicio público o posible ruina.”

Tendo en conta, pois, o sinalado polo técnico municipal, a xuízo dos que subscriben, non concorre no suposto examinado unha causa de resolución imputable ao contratista, polo que se cumpre o primeiro dos requisitos contemplados no artigo 212.4 da LCSP.

2.2.- O segundo requisito que debe concorrer para resolver de mutuo acordo un contrato administrativo é “que razones de interés público hagan innecesaria o inconveniente la permanencia del contrato”. Este requisito ten autonomía e substantividade propia, de maneira que non pode invocarse de forma abstracta ou xenérica, senón que debe acreditarse a súa concorrencia mediante unha motivación no expediente de resolución do contrato,

No suposto examinado, na Providencia do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data 31 de outubro de 2025 se ben faise referencia a a que “....ante as circunstancias descritas, a eventual imposibilidade de executar o contrato conforme o proxecto licitado e contratado e en aras de preservar o interés xeral, cabería proceder a resolución do mesmo por mutuo acordo”, non se explicitan as concretas razóns de interés xeral, aínda que, a xuízo dos informantes, ao considerar o director da obra polos motivos que expón imprescindible a modificación do proxecto e non ter cabida a dita modificación nos supostos legais establecidos, cabería tamén a resolución do contrato pola causa sinalada no artigo 211.1 g) da LCSP (non imputable ao contratista) (“La imposibilidad de ejecutar la prestación en los términos inicialmente pactados, cuando no sea posible modificar el contrato conforme a los artículos 204 y 205; o cuando dándose las circunstancias establecidas en el artículo 205, las modificaciones impliquen, aislada o conjuntamente, alteraciones del precio del mismo, en cuantía superior, en más o menos, al 20 por ciento del precio inicial del contrato, con exclusión del Impuesto sobre el Valor Añadido”).,

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, á vista das circunstancias expostas nos informes do enxeñeiro técnico de obra pública interino citados nos antecedentes, a xuízo dos que subscriben concorren os requisitos para a resolución do contrato.

(...)”.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo formalizado en data 9 de outubro de 2025 con “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L” para a execución da obra de “Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre” (TEDEC 2023/C003/000008), sen que por ningunha das partes proceda reclamación de indemnización algunha derivada da mesma.

Segundo.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Terceiro.- Notificar este acordo a “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L” e publicar este acordo de resolución por mutuo acordo no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen manifesta que o voto dos concelleiros de AV vai ser en contra, xa que di que realmente non saben se a obra non se pode facer, e di que tamén por unha cuestión de orgullo, xa que no mes de setembro, cando preguntaron se ían perder subvencións, contestáronlles que non.

O Sr. Vázquez Pérez explica que a subvención non se vai perder, porque se pide o reinvestimento.

Logo de debater sobre o asunto, e sometida a proposta a votación ordinaria, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: Dous (2), do/a Sr./a: Vázquez Pérez e Espiñeira Galán.

Votos en contra: Dous (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Ao producirse empate, procédese a someter a proposta novamente a votación ordinaria, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dous (2), do/a Sr./a: Vázquez Pérez e Espiñeira Galán.

Votos en contra: Dous (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Ao persistir o empate, decide o voto de calidade do Sr. presidente, que o manifesta a favor, polo que proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 10 de novembro de 2025 (CVD: xlqgypSlz6d0jHzzlFq7), devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Rubén Vázquez Pérez

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo